

CIENCIAS NATURAIS

Bos días chic@s! Como estades? Espero que moi moi ben!! Hoxe unha vez máis é venres e xa rematamos outra semana máis, e como cada venres imos traballar un pouco das ciencias naturais. O último día estivemos a traballar os materiais e as forzas (por contacto e a distancia); algunha dúbida?

Hoxe, imos continuar repasando, para iso empezaremos realizando os exercicios 1 e 2 da **páxina 87**. Fixádevos, pon RAZOA, polo que debemos argumentar as nosas respostas. Logo, realizaremos os exercicios: 2, 3, 4 e 6 das **páxinas 98 e 99**.

Tarefa 1:

Que son as forzas magnéticas? Razona se os imáns da imaxe se atraen ou non e explica por que.

.....

.....

.....

.....

.....

**Tarefa 2:**

Completa a información que falta nesta táboa:

SUBSTANCIA	PODEMOS ENCONTRALA EN	ESTADO	CARACTERÍSTICAS DO ESTADO
Madeira	O marco dunha ventá, nun escarvadentes...		Ten forma propia
Aire		Gasoso	
	Parafusos, clips, cravos, coches, garfos...		
Vinagre	Ensaladas en distintos pratos...		

Agora, imos realizar un experimento un tanto curioso, atentos:

Que é unha nube?

Xa saberás que as nubes son conxuntos de diminutas gotas de auga que se manteñen flotando xuntas na atmosfera.

Fórmanse cando unha masa de aire cálido e húmido ascendente choca cunha masa de aire frío. Entón o vapor de auga que hai no aire quente arrefríase e vólvese líquido.

Convértete en fabricante de nubes

Pode parecer raro, pero é posible fabricar pequenas nubes na casa. De feito, podes facelo no interior dun vaso ou frasco grande. É dicir, vas fabricar «nubes embotelladas».



Para iso, sigue estes pasos:

- A. Prepara un frasco ou unha xerra grande de vidro e unha bandexa metálica con cubos de xeo. Asegúrate de que a bandexa é máis grande ca a boca do frasco.
- B. Pídelle axuda a un adulto para que quente auga e a verta dentro do vaso. A auga debe estar moi quente, así que hai que ter moito coidado. É IMPRESCINDIBLE A PARTICIPACIÓN DUN ADULTO.
- C. Pon a bandexa co xeo enriba do frasco e observa o que acontece no interior do recipiente. Se todo foi ben, deberías ver unha «nube en conserva» no interior do frasco.
- D. Pode que non che saia á primeira. Quizais teñas que variar a temperatura da auga, o tamaño do frasco, a cantidade de xeo, o tipo de bandexa... Fai varias probas.

E. Relata como fixeches este experimento e o que observaches en cada caso.

Moito ánimo =)

PLÁSTICA